

I. DISPOSICIÓN XERAIS

XEFATURA DO ESTADO

10725 *Lei orgánica 13/2015, do 5 de outubro, de modificación da Lei de axuízamento criminal para o fortalecemento das garantías procesuais e a regulación das medidas de investigación tecnolóxica.*

FELIPE VI

REI DE ESPAÑA

Saiban todos os que a viren e a entenderen que as Cortes Xerais aprobaron e eu sanciono a seguinte lei orgánica:

PREÁMBULO

I

A proposta de Código procesual penal presentada pola Comisión institucional para a elaboración dun texto articulado de Lei de axuízamento criminal, constituída por Acordo do Consello de Ministros do 2 de marzo de 2012, actualmente sometida a información pública e debate, propón un cambio radical do sistema de xustiza penal cuxa implantación require un amplo consenso. Mentres se mantén o dito debate, na confianza de encontrar o máximo concerto posible sobre o novo modelo procesual penal, resulta preciso afrontar de inmediato certas cuestións que non poden agardar a ser resoltas coa promulgación do novo texto normativo que substitúa a máis que centenaria Lei de axuízamento criminal.

Entre as ditas cuestións encóntranse o fortalecemento dos dereitos procesuais de conformidade coas exigencias do dereito da Unión Europea e a regulación das medidas de investigación tecnolóxica no ámbito dos dereitos á intimidade, ao segredo das comunicacións e á protección de datos persoais garantidos pola Constitución.

II

Ao regular estas materias, esta lei incide directamente nos artigos 18 e 24 da Constitución española, xa que introduce cambios xurídicos, substantivos e procesuais, que afectan o ámbito propio da lei orgánica, en canto que desenvolve dereitos fundamentais e liberdades públicas recollidos neste precepto constitucional.

Ao longo de todos estes anos non existiu un criterio común que servise de fundamento para determinar que contidos da Lei de axuízamento criminal debían estar suxeitos á reserva de lei orgánica e diferencialos daqueles outros cuxa regulación se debía levar a cabo mediante lei ordinaria. En moitas ocasións, preceptos procedementais foron elevados de rango: unhas veces en aplicación do que o Tribunal Constitucional denominou «materias conexas», é dicir, aquelas «que, en atención a razóns de conexión temática ou de sistematicidade ou de boa política legislativa, considere oportuno incluír xunto ás materias reservadas á lei orgánica» (STC 5/1981); outras, por afectaren leis que especificamente deben ter natureza orgánica, como o é o caso da Lei orgánica do poder xudicial ou o Código penal.

Para maior abastanza, non se pode descoñecer que a xurisprudencia do Tribunal Constitucional sobre o desenvolvemento legal dalgúns dereitos fundamentais e a delimitación do seu contido esencial sufriu variacións ao longo de todos estes anos con inevitable incidencia naquelas regulacións que, polos seus contidos, se deben incluír na reserva do artigo 81.1 da Constitución.

A reforma da Lei de axuízamento criminal que agora se impulsa comprende medidas que desenvolven dereitos fundamentais e outras de natureza estritamente procesual.

Dado que as segundas non constitúen en puridade un complemento necesario das materias orgánicas, considérase preferible a súa tramitación a través de normas independentes de distinto rango.

Por todo isto, optouse por que a iniciativa lexislativa que se centra en previsións de natureza orgánica, como as que ocupan esta lei (reforzamento dos dereitos procesuais dos encausados e dos detidos ou presos, e regulación das medidas de investigación limitativas do artigo 18 da Constitución), se regulen nunha norma *ad hoc* de rango orgánico.

III

Resulta necesario traspor no ordenamento interno a Directiva 2013/48/UE do Parlamento Europeo e do Consello, do 22 de outubro de 2013, sobre o dereito á asistencia de letrado nos procesos penais e nos procedementos relativos á orde de detención europea, e sobre o dereito a informar un terceiro no momento da privación de liberdade e a comunicarse con terceiros e con autoridades consulares durante a privación de liberdade. Para isto, modifícanse os artigos 118, 509, 520 e 527 e engádese un novo artigo 520 ter na Lei de axuízamento criminal coa introdución das previsións que o dereito da Unión Europea require, entre as cales destaca o réxime de asistencia de avogado ao detido.

O dereito á asistencia letrada nos procesos penais, o dereito a que se informe un terceiro da privación de liberdade e o dereito a comunicarse con terceiros e con autoridades consulares durante a privación de liberdade fundaméntanse no disposto nos artigos 3, 5, 6 e 8 do Convenio europeo de dereitos humanos, segundo a interpretación efectuada polo Tribunal Europeo de Dereitos Humanos. As modificacións introducidas na Lei de axuízamento criminal facilitarán a aplicación destes dereitos, garantindo aspectos fundamentais da defensa no proceso penal.

Por esta razón, modifícase o actual artigo 118 da Lei de axuízamento criminal, en que se regula o dereito de defensa, para recoñecer de forma clara e precisa que toda persoa a que se atribúa a comisión dun acto punible poderá exercer o seu dereito de defensa, sen máis limitacións que as previstas na lei, e para fixar como marco temporal para o exercicio deste dereito desde a atribución do feito punible investigado até a mesma extinción da pena. É contido esencial do dereito de defensa a asistencia dun avogado de libre designación ou, na súa falta, dun avogado de oficio, co cal se poderá comunicar e entrevistar reservadamente en calquera momento desde que se lle atribúa a realización dun feito punible, e que estará presente en todas as súas declaracións e en cantas dilixencias de recoñecemento, acareo ou reconstrución de feito se practiquen.

Especial mención require a cuestión relativa ao recoñecemento da confidencialidade das comunicacións entre o investigado ou encausado e o seu avogado, que poderá ser limitada cando concorran determinadas circunstancias, como a presenza de indicios obxectivos da participación do avogado no feito delituoso investigado.

Todos os dereitos do investigado ou encausado se facilitarán en linguaxe comprensible e adaptada ás circunstancias persoais do destinatario, tendo en conta a idade, o grao de madurez ou a discapacidade.

Cando se trata de persoas que foron detidas ou privadas de liberdade, estes dereitos recóllense no artigo 520 da Lei de axuízamento criminal, que se adapta de forma rigorosa ás exixencias da normativa europea e fai mención expresa, entre outros, ao dereito do detido a designar avogado co cal se poderá entrevistar reservadamente, mesmo antes de que lle reciba declaración a policía, o fiscal ou a autoridade xudicial. En caso de que, debido ao afastamento xeográfico, non sexa posible a inmediata asistencia de letrado, facilitarase ao detido comunicación telefónica ou por videoconferencia con aquel, salvo que esa comunicación sexa imposible. Tamén se regula o dereito a pór en coñecemento dun familiar a súa privación de liberdade, o dereito a comunicarse telefonicamente cun terceiro da súa elección e o dereito a comunicarse coas autoridades consulares, en caso de detidos ou presos estranxeiros.

Neste precepto, co fin de completar o estatuto do investigado detido, establécese a obrigação de que o atestado policial reflecta o lugar e a hora da detención e da posta á disposición xudicial ou en liberdade. Coa finalidade de asegurar os dereitos constitucionais

á honra, intimidade e imaxe do detido, seguindo a doutrina do Tribunal Europeo de Dereitos Humanos, que exige que a detención sexa respectuosa coa dignidade humana e que non constitúa un gravame maior que o que de por si implica a propia detención, levouse ao texto legal a obrigaón de que aqueles que a acorden, así como os encargados de practicala, velen por eses dereitos, como de feito xa recordaban instrucións da Fiscalía Xeral do Estado e do Ministerio do Interior. A dita protección non pode perder de vista, porén, o respecto ao dereito fundamental á información, nos termos establecidos no artigo 20 da Constitución e segundo a doutrina do Tribunal Constitucional, como manifestación do Estado de dereito.

A denominada «prisión incomunicada» tamén foi obxecto de revisión na presente reforma, co obxecto de adecuala ás exigencias do dereito da Unión Europea. A nova regulación do artigo 527 permite aplicar esta modalidade de detención cando concorran os presupostos legalmente previstos de acordo coa nova redacción dada ao artigo 509. Ademais, facúltase o xuíz para limitar algúns dereitos segundo as necesidades de cada caso, sen que esta restrición opere automática e indiferenciadamente respecto de todos, e polo tempo estritamente imprescindible.

En relación cos menores, comunicáronse o feito e o lugar de custodia o antes posible a quen exerza a patria potestade, a tutela ou a garda de feito daqueles, e serán postos á disposición das seccións de menores da Fiscalía. En caso de existir un conflito de intereses entre os menores e aqueles que exerzan a patria potestade, tutela ou garda de feito, nomearáselles un defensor xudicial ao cal lle será subministrada aquela información.

No caso das persoas coa capacidade modificada xudicialmente, serán informados os que exerzan a tutela ou garda de feito daquelas, e darase conta disto ao Ministerio Fiscal.

Por último, introdúcese unha regra específica para as detencións en espazos mariños afastados do territorio español, para dar resposta ás situacións que se viñan producindo ante a falta de previsión legal para estes supostos.

IV

A Lei de axuízamento criminal non puido subtraerse ao paso do tempo. Renovadas formas de delincuencia ligadas ao uso das novas tecnoloxías puxeron de manifesto a insuficiencia dun cadro normativo concibido para tempos ben distintos. Os fluxos de información xerados polos sistemas de comunicación telemática advirten das posibilidades que se achan ao alcance do delinciente, pero tamén proporcionan poderosas ferramentas de investigación aos poderes públicos. Xorde así a necesidade de encontrar un delicado equilibrio entre a capacidade do Estado para facer fronte a unha fenomenoloxía criminal de novo cuño e o espazo de exclusión que o noso sistema constitucional garante a cada cidadán fronte a terceiros. Por moi meritorio que fose o esforzo de xuíces e tribunais para definir os límites do Estado na investigación do delito, o abandono á creación xurisprudencial do que debe ser obxecto de regulación legislativa propiciou un déficit na calidade democrática do noso sistema procesual, carencia que lembraron tanto a dogmática como instancias supranacionais. Recentemente, o Tribunal Constitucional apuntou o carácter inaprazable dunha regulación que aborde as intromisións na privacidade do investigado nun proceso penal. Hoxe por hoxe, carecen de cobertura e a súa emenda non se pode obter acudindo a un voluntarista expediente de integración analóxica que desborda os límites do constitucionalmente aceptable. Só así se poderá evitar a incidencia negativa que o actual estado de cousas está proxectando en relación con algúns dos dereitos constitucionais que poden ser obxecto de limitación no proceso penal.

A detención e apertura da correspondencia escrita e telegráfica actualízase nun novo artigo 579, onde se acouta o seu ámbito material de aplicación, ao tempo que se regulan os prazos máximos de duración e as excepcións á necesidade de autorización xudicial de acordo cunha consolidada doutrina xurisprudencial. En particular, en canto ao primeiro dos aspectos destacados, a reforma opta, fronte a outros modelos comparados que acollen unha enumeración casuística dos delitos que autorizan este medio de investigación, por exixir a concorrencia, non acumulativa, de calquera dos tres requisitos que se definen no número 1 deste artigo e servirán de referencia para fixar o ámbito de aplicación doutras

medidas de investigación. O primeiro deles opera como unha limitación xenérica, de carácter cuantitativo, ligada á gravidade da pena: delitos dolosos castigados con pena con límite máximo superior aos tres anos de prisión. Xunto a este presuposto engádense outros dous: que se estea en presenza de delitos cometidos no seo dun grupo ou organización criminal ou que se trate de delitos de terrorismo. Introdúcese un novo artigo 579 bis relativo á utilización do resultado desta dilixencia noutro proceso penal distinto, en particular en canto ao tratamento dos denominados «achados casuais» e á continuación da medida, naqueloutro proceso, para o que se requirirá un novo auto xudicial que valide esta situación. Esta previsión servirá de pauta para o resto de medidas de investigación tecnolóxica.

As demais medidas de investigación tecnolóxica son obxecto de atención nos capítulos V a VII do título VIII do libro II da Lei de axuízamento criminal e a todas elas resultan de aplicación as disposicións comúns introducidas no capítulo IV. Reordenouse a sistemática tradicional dese título co fin de dar cabida á inaprazable regulación desta materia. Aprovéitase así un esquema formal histórico que, a pesar dos problemas prácticos derivados da súa obsolescencia, conta coa vantaxe de ter sido obxecto de frecuente atención por parte da xurisprudencia do Tribunal Supremo.

Considerouse oportuna a proclamación normativa dos principios que o Tribunal Constitucional definiu como determinantes da validez do acto de inxerencia. Toda medida deberá responder ao principio de especialidade. Isto exige que a actuación de que se trate teña por obxecto o esclarecemento dun feito punible concreto, e prohibense, pois, as medidas de investigación tecnolóxica de natureza prospectiva, de acordo co concepto que informa a doutrina emanada do máximo intérprete da Constitución, en suma, a Sentenza 253/2006, do 11 de setembro. As medidas de investigación tecnolóxica deben, ademais, satisfacer os principios de idoneidade, excepcionalidade, necesidade e proporcionalidade, cuxa concorrencia se debe encontrar suficientemente xustificada na resolución xudicial habilitadora, onde o xuíz determinará a natureza e extensión da medida en relación coa investigación concreta e cos resultados esperados.

A reforma considerou adecuado non abandonar os aspectos formais da solicitude e do contido da resolución xudicial habilitante. A práctica forense non é allea a casos de solicitudes policiais e de posteriores resolucións xudiciais que se caracterizan por un laconismo argumental susceptible de vulnerar o deber constitucional de motivación. A evitar ese efecto oríntase a minuciosa regulación do contido desa solicitude, así como da resolución xudicial que, se for o caso, habilite a medida de inxerencia. As disposicións comúns esténdense igualmente ás demais cuestións de forma, tales como a solicitude de prórroga, as regras xerais de duración, o segredo, o control da medida, a afectación a terceiras persoas, a utilización de información en procedemento distinto, o cesamento da medida ou a destrución de rexistros. Cada dilixencia modulará algúns destes aspectos e rexeráse por regras específicas propias da súa particularidade.

En relación coa interceptación das comunicacións telefónicas e telemáticas, na determinación do ámbito material de aplicación séguese o mesmo criterio xa evidenciado máis arriba por remisión, aínda que se suman á lista de delitos os cometidos por medio de instrumentos informáticos ou de calquera outra tecnoloxía da información ou da telecomunicación.

Na nova regulación confírese substantividade propia a outras formas de comunicación telemática que careceron de tratamento normativo na lei procesual. As dificultades asociadas a ese baleiro víronse multiplicadas na práctica por unha interpretación xurisprudencial da lexislación chamada a regular a obrigação das operadoras de conservar os datos xerados polas comunicacións electrónicas, que degradaron os moi estendidos instrumentos de comunicación telemática –por exemplo, as mensaxes de SMS ou o correo electrónico– á condición de aspectos accesorios, de obrigado sacrificio sempre que se adopte unha decisión xurisdiccional de intervención telefónica. Fronte a esta concepción, o novo texto autoriza a intervención e o rexistro das comunicacións de calquera clase que se realicen a través do teléfono ou de calquera outro medio ou sistema de comunicación telemática, lóxica ou virtual. Pero somete a interceptación de todas elas –na súa propia e diferenciada instrumentalidade– aos principios xerais que o texto proclama. Preténdese

con isto que sexa o propio xuíz, ponderando a gravidade do feito que está sendo obxecto de investigación, o que determine o alcance da inxerencia do Estado nas comunicacións particulares. A resolución habilitante, por tanto, deberá precisar o ámbito obxectivo e subxectivo da medida. É dicir, terá que motivar, á luz daqueles principios, se o sacrificio das comunicacións telefónicas non é suficiente e se a investigación exige, ademais, a interceptación dos SMS, MMS ou calquera outra forma de comunicación telemática de carácter bidireccional.

Establécese un prazo de tres meses como duración máxima inicial da intervención, prazo que é susceptible de ampliación e prórroga, logo de petición razoada por períodos sucesivos de igual duración, até un máximo temporal de dezoito meses, sempre que subsistan as causas que motivaron aquela. Desta forma búscase un equilibrio entre a necesidade de valerse destas dilixencias para a investigación dos delitos máis graves para a sociedade e a importancia de definir uns límites cronolóxicos que non prolonguen de forma innecesaria a interferencia dos poderes públicos na privacidade dos cidadáns afectados pola medida.

Co fin de asegurar a autenticidade e integridade dos soportes postos á disposición do xuíz, imponse a utilización dun sistema de selaxe ou sinatura electrónica que garanta a información envorcada desde o sistema central. Esta medida é paralela á exigida noutras ordes xurisdicionais para a plena validez dos documentos achegados ao proceso en formato electrónico e acolle unha liña xurisprudencial da Sala Segunda do Tribunal Supremo.

Complétase a regulación cun precepto destinado a fixar os termos do borrado e eliminación das gravacións orixinais, unha vez que se poña fin ao procedemento. Preténdese con isto evitar toda difusión dun material que, polo seu propio contido, podería danar de forma irreparable a intimidade do afectado.

Na investigación dalgúns feitos delituosos, a incorporación ao proceso dos datos electrónicos de tráfico ou asociados pode resultar dunha importancia decisiva. A reforma acolle o criterio fixado pola Lei 25/2007, do 18 de outubro, de conservación de datos relativos ás comunicacións electrónicas e ás redes públicas de comunicacións, e impón a existencia de autorización xudicial para a súa cesión aos axentes facultados, sempre que se trate de datos vinculados a procesos de comunicación. A súa incorporación ao proceso só se autoriza cando se trate da investigación dun delito que, por razóns vinculadas ao principio de proporcionalidade, sexa dos que xustifican o sacrificio da inviolabilidade das comunicacións. Dáse un tratamento xurídico individualizado ao acceso por parte de axentes de policía ao IMSI, IMEI, enderezo IP e outros elementos de identificación dunha determinada tarxeta ou terminal, en consonancia cunha xurisprudencia do Tribunal Supremo xa consolidada sobre esta materia. Tamén se regula o suposto da cesión de datos desvinculados dos procesos de comunicación concernentes á titularidade ou identificación dun dispositivo electrónico, aos cales poderá acceder o Ministerio Fiscal ou a Policía Xudicial no exercicio das súas funcións sen necesidade de autorización xudicial.

A experiencia demostra que, na investigación de determinados delitos, a captación e gravación de comunicacións orais abertas mediante o emprego de dispositivos electrónicos pode resultar indispensable. Trátase dunha materia até agora ausente da regulación do proceso penal e cuxo alcance se aborda con suxeición a dúas ideas clave. A primeira, a existencia de que sexa o xuíz de instrución o que lexitime o acto de inxerencia; a segunda, a necesidade de que os principios reitores de especialidade, excepcionalidade, idoneidade, necesidade e proporcionalidade actúen como elementos de xustificación da medida. Esta medida só se poderá acordar para encontros concretos que vaia manter o investigado e débese identificar con precisión o lugar ou dependencias sometidos a vixilancia. Por tanto, non caben autorizacións de captación e gravación de conversas orais de carácter xeral ou indiscriminadas e, en consecuencia, o dispositivo de escoita e, se for o caso, as cámaras a el asociadas, deberanse desactivar tan axiña como como finalice a conversa cuxa captación foi permitida, como se desprende do artigo 588 quáter c.

A reforma aborda tamén a regulación da utilización de dispositivos técnicos de seguimento e localización. A incidencia que na intimidade de calquera persoa pode ter o coñecemento polos poderes públicos da súa localización espacial fai que a autorización

para a súa práctica se atribúa ao xuíz de instrución. No mesmo capítulo habilítase a gravación da imaxe en espazo público sen necesidade de autorización xudicial, na medida en que non se produce afectación a ningún dos dereitos fundamentais do artigo 18 do noso texto constitucional.

A lei pretende acabar con outro baleiro normativo. Trátase do rexistro de dispositivos informáticos de almacenamento masivo e do rexistro remoto de equipamentos informáticos. Respecto do primeiro deles, a reforma descarta calquera dúbida acerca de que eses instrumentos de comunicación e, se for o caso, almacenamento de información son algo máis que simples pezas de convicción. De aí a exigente regulación respecto do acceso ao seu contido. Polo que afecta o rexistro remoto –diligencia xa presente en boa parte das lexislacións europeas–, o intenso grao de inxerencia que implica a súa adopción xustifica que mesmo se reforce o ámbito obxectivo da medida, para o que se acoutaron cunha lista *numerus clausus* os delitos que a poden habilitar, e que se limite a duración temporal, de maneira que se optou por unha duración dun mes prorrogable como máximo por iguais períodos de tempo até os tres meses.

Finalmente e polo que se refire ás dilixencias de investigación tecnolóxica, a reforma prevé como medida de aseguramento a orde de conservación de datos, cuxo fin é garantir a preservación dos datos e informacións concretas de toda clase que se encontren almacenados nun sistema informático até que se obteña a autorización xudicial correspondente para a súa cesión. Deste modo, a súa posterior achega como medio de proba ou, se for o caso, a súa análise forense non se verá frustrada pola desaparición, alteración ou deterioración duns elementos inherentemente volátiles. Esta norma toma como referencia o artigo 16 do Convenio sobre a ciberdelincuencia, do 23 de novembro de 2001, ratificado por España o 20 de maio de 2010, e establécese un prazo máximo de vixencia da orde de noventa días prorrogable até que se autorice a cesión ou se cumpran cento oitenta días.

Resulta ocioso explicar a importancia do denominado axente encuberto para efectos da persecución de determinadas modalidades delituosas. Pois ben, intimamente relacionado coas anteriores medidas de investigación tecnolóxica, a reforma actualiza o uso de tales recursos por parte do axente encuberto nas tarefas que ten encomendadas. En concreto, dunha parte, prevese a posibilidade de que os axentes encubertos poidan obter imaxes e gravar conversas, sempre que soliciten especificamente unha autorización xudicial para isto, e doutra, régúlase a figura do axente encuberto informático, que require autorización xudicial para actuar en canles cerradas de comunicación (posto que nas canles abertas, pola súa propia natureza, non é necesaria) e que, pola súa vez, requirirá unha autorización especial (sexo na mesma resolución xudicial, con motivación separada e suficiente, sexo noutra distinta) para intercambiar ou enviar arquivos ilícitos por razón do seu contido no curso dunha investigación.

V

A reforma tamén ten por obxecto adaptar a linguaxe da Lei de axuizamento criminal aos tempos actuais e, en particular, eliminar determinadas expresións usadas de modo indiscriminado na lei, sen ningún tipo de rigor conceptual, tales como imputado, con que se alude á persoa sobre a cal tan só recaen meras sospeitas e por isto resulta investigada, pero respecto da cal non existen suficientes indicios para que se lle atribúa xudicial e formalmente a comisión dun feito punible. Pata tal fin, convocouse a Comisión para a Claridade da Linguaxe Xurídica, cuxas recomendacións foron tidas en conta na redacción dos preceptos desta lei. Entre as súas conclusións encóntrase a necesidade de evitar as connotacións negativas e estigmatizadoras desa expresión, de forma que a linguaxe se acomode á realidade do que acontece en cada unha das fases do proceso penal, razóns que deben levarnos á substitución do vocábulo imputado por outros máis adecuados, como son investigado e encausado, segundo a fase procesual. A reforma fixo súas esas conclusións. E así, o primeiro deses termos servirá para identificar a persoa sometida a investigación pola súa relación cun delito; mentres que co termo encausado se designará, de maneira xeral, aquel a quen a autoridade xudicial, unha vez concluída a instrución da causa, imputa formalmente ter participado na comisión dun feito delituoso concreto. Sen

prexuízo de que ao longo desta lei xa se procedeu de acordo con semellante axuste conceptual e terminolóxico, no número vinte efectúase a oportuna substitución dos termos mencionados respecto do resto do articulado da Lei de axuizamento criminal. En todo caso, esta substitución non afecta outras nomenclaturas empregadas para definir o investigado ou encausado pola súa relación coa situación procesual en que se encontra. Así, mantéñense os termos «acusado» ou «procesado», que poderán ser empregados de forma indistinta ao de «encausado» nas fases oportunas.

VI

As normas previstas nesta lei serán aplicables a todos os procedementos penais que se incoen con posterioridade á súa entrada en vigor. Non obstante e co fin de que as garantías previstas, relativas ao estatuto do investigado e detido e medidas de investigación tecnolóxica, sexan inmediatamente operativas nos procedementos en curso, dispónse que tales garantías presidan tamén as dilixencias policiais e fiscais, resolucións e actuacións xudiciais que se acorden tras a súa entrada en vigor. Isto de ningún modo suporá que se poida cuestionar a validez das resolucións adoptadas ou das actuacións practicadas con anterioridade e conforme a legalidade daquela vixente.

Artigo único. *Modificación da Lei de axuizamento criminal.*

A Lei de axuizamento criminal modifícase nos seguintes termos:

Un. Modifícase o artigo 118, que queda redactado como segue:

«Artigo 118.

1. Toda persoa a quen se atribúa un feito punible poderá exercer o dereito de defensa, intervindo nas actuacións, desde que se lle comunique a súa existencia, fose obxecto de detención ou de calquera outra medida cautelar ou se acordase o seu procesamento, para cuxo efecto será informada, sen demora inxustificada, dos seguintes dereitos:

a) Dereito a ser informada dos feitos que se lle atribúan, así como de calquera cambio relevante no obxecto da investigación e dos feitos imputados. Esta información será facilitada co grao de detalle suficiente para permitir o exercicio efectivo do dereito de defensa.

b) Dereito a examinar as actuacións coa debida antelación para salvagardar o dereito de defensa e, en todo caso, con anterioridade a que se lle tome declaración.

c) Dereito a actuar no proceso penal para exercer o seu dereito de defensa de acordo co disposto na lei.

d) Dereito a designar libremente avogado, sen prexuízo do disposto no número 1 a) do artigo 527.

e) Dereito a solicitar asistencia xurídica gratuíta, procedemento para facelo e condicións para obtela.

f) Dereito á tradución e interpretación gratuítas, de conformidade co disposto nos artigos 123 e 127.

g) Dereito a gardar silencio e a non prestar declaración se non desexa facelo, e a non contestar algunha ou algunhas das preguntas que se lle formulen.

h) Dereito a non declarar contra si mesmo e a non confesarse culpable.

A información a que se refire este número facilitarase nunha linguaxe comprensible e que resulte accesible. Para estes efectos, adaptarase a información á idade do destinatario, ao seu grao de madurez, discapacidade e calquera outra circunstancia persoal de que poida derivar unha modificación da capacidade para entender o alcance da información que se lle facilita.

2. O dereito de defensa exercerase sen máis limitacións que as expresamente previstas na lei desde a atribución do feito punible investigado até a extinción da pena.

O dereito de defensa comprende a asistencia letrada dun avogado de libre designación ou, na súa falta, dun avogado de oficio, co cal se poderá comunicar e entrevistar reservadamente, mesmo antes de que lle reciba declaración a policía, o fiscal ou a autoridade xudicial, sen prexuízo do disposto no artigo 527, e que estará presente en todas as súas declaracións, así como nas dilixencias de recoñecemento, acareos e reconstrución de feitos.

3. Para actuar no proceso, as persoas investigadas deberán ser representadas por procurador e defendidas por avogado, que se lles designarán de oficio cando non os nomeasen por si mesmas e o solicitasen e, en todo caso, cando non teñan aptitude legal para facelo.

Se non designasen procurador ou avogado, requiriranse para que o fagan ou nomearáselles de oficio se, tras seren requiridas, non os nomeasen, cando a causa chegue a un estado en que se necesite o consello daqueles ou deba intentar algún recurso que faga indispensable a súa actuación.

4. Todas as comunicacións entre o investigado ou encausado e o seu avogado terán carácter confidencial.

Se estas conversas ou comunicacións fosen captadas ou intervidas durante a execución dalgunha das dilixencias reguladas nesta lei, o xuíz ordenará a eliminación da gravación ou a entrega ao destinatario da correspondencia detida e deixará constancia destas circunstancias nas actuacións.

O disposto no parágrafo primeiro non será de aplicación cando se constate a existencia de indicios obxectivos da participación do avogado no feito delituoso investigado ou da súa implicación xunto co investigado ou encausado na comisión doutra infracción penal, sen prexuízo do disposto na Lei xeral penitenciaria.

5. A admisión de denuncia ou querela, e calquera actuación procesual da cal resulte a imputación dun delito contra persoa ou persoas determinadas, serán postas inmediatamente en coñecemento dos presuntamente responsables.»

Dous. Engádense dous novos números 6 e 7 ao artigo 282 bis, coa seguinte redacción:

«6. O xuíz de instrución poderá autorizar funcionarios da Policía Xudicial para actuaren baixo identidade suposta en comunicacións mantidas en canles cerradas de comunicación, co fin de esclarecer algún dos delitos a que se refire o número 4 deste artigo ou calquera delito dos previstos no artigo 588 ter a.

O axente encuberto informático, con autorización específica para isto, poderá intercambiar ou enviar por si mesmo arquivos ilícitos por razón do seu contido e analizar os resultados dos algoritmos aplicados para a identificación dos ditos arquivos ilícitos.

7. No curso dunha investigación levada a cabo mediante axente encuberto, o xuíz competente poderá autorizar a obtención de imaxes e a gravación das conversas que se poidan manter nos encontros previstos entre o axente e o investigado, aínda cando se desenvolvan no interior dun domicilio.»

Tres. Modifícanse os números 1 e 2 e introdúcese un novo número 4 no artigo 509, que quedan redactados como segue:

«1. O xuíz de instrución ou tribunal poderá acordar excepcionalmente, mediante resolución motivada, a detención ou prisión incomunicadas cando concorran algunha das seguintes circunstancias:

- a) Necesidade urxente de evitar graves consecuencias que poidan pór en perigo a vida, a liberdade ou a integridade física dunha persoa, ou
- b) Necesidade urxente dunha actuación inmediata dos xuíces de instrución para evitar comprometer de modo grave o proceso penal.

2. A incomunicación durará o tempo estritamente necesario para practicar con urxencia dilixencias tendentes a evitar os perigos a que se refire o número anterior.

A incomunicación non se poderá estender máis aló de cinco días. Nos casos en que a prisión se acorde en causa por algún dos delitos a que se refire o artigo 384 bis ou outros delitos cometidos concertadamente e de forma organizada por dúas ou máis persoas, a incomunicación poderase prorrogar por outro prazo non superior a cinco días.»

«4. En ningún caso poderán ser obxecto de detención incomunicada os menores de dezaseis anos.»

Catro. Dáse nova redacción aos números 1, 2, 3, 4, 5 e 6 do artigo 520 e introdúcese novos números 2 bis, 7 e 8 neste mesmo precepto, que terán o seguinte contido:

«1. A detención e a prisión provisional deberanse practicar na forma que menos prexudique o detido ou preso na súa persoa, reputación e patrimonio. Aqueles que acorden a medida e os encargados de practicala, así como dos traslados ulteriores, velarán polos dereitos constitucionais á honra, intimidade e imaxe daqueles, con respecto ao dereito fundamental á liberdade de información.

A detención preventiva non poderá durar máis do tempo estritamente necesario para a realización das pescudas tendentes ao esclarecemento dos feitos. Dentro dos prazos establecidos na presente lei e, en todo caso, no prazo máximo de setenta e dúas horas, o detido deberá ser posto en liberdade ou á disposición da autoridade xudicial.

No atestado deberanse reflectir o lugar e a hora da detención e da posta á disposición da autoridade xudicial ou, se for o caso, da posta en liberdade.

2. Toda persoa detida ou presa será informada por escrito, nunha linguaxe sinxela e accesible, nunha lingua que comprenda e de forma inmediata, dos feitos que se lle atribúan e das razóns motivadoras da súa privación de liberdade, así como dos dereitos que a asisten e, especialmente, dos seguintes:

a) Dereito a gardar silencio e a non declarar se non quere, a non contestar algunha ou algunhas das preguntas que lle formulen, ou a manifestar que só declarará ante o xuíz.

b) Dereito a non declarar contra si mesmo e a non confesarse culpable.

c) Dereito a designar avogado, sen prexuízo do disposto no número 1.a) do artigo 527 e a ser asistido por el sen demora inxustificada. En caso de que, debido ao afastamento xeográfico, non sexa posible de inmediato a asistencia de letrado, facilitarase ao detido comunicación telefónica ou por videoconferencia con aquel, salvo que a dita comunicación sexa imposible.

d) Dereito a acceder aos elementos das actuacións que sexan esenciais para impugnar a legalidade da detención ou privación de liberdade.

e) Dereito a que se poña en coñecemento do familiar ou persoa que desexe, sen demora inxustificada, a súa privación de liberdade e o lugar de custodia en que se ache en cada momento. Os estranxeiros terán dereito a que as circunstancias anteriores se comuniquen á oficina consular do seu país.

f) Dereito a comunicarse telefonicamente, sen demora inxustificada, cun terceiro da súa elección. Esta comunicación realizarase en presenza dun funcionario de policía ou, se for o caso, do funcionario que designe o xuíz ou o fiscal, sen prexuízo do disposto no artigo 527.

g) Dereito a ser visitado polas autoridades consulares do seu país, a comunicarse e a manter correspondencia con elas.

h) Dereito a ser asistido gratuitamente por un intérprete, cando se trate de estranxeiro que non comprenda ou non fale o castelán ou a lingua oficial da actuación de que se trate, ou de persoas xordas ou con discapacidade auditiva, así como doutras persoas con dificultades da linguaxe.

i) Dereito a ser recoñecido polo médico forense ou polo seu substituto legal e, na súa falta, polo da institución en que se encontre, ou por calquera outro dependente do Estado ou doutras administracións públicas.

j) Dereito a solicitar asistencia xurídica gratuíta, procedemento para facelo e condicións para obtela.

Así mesmo, será informado do prazo máximo legal de duración da detención até a posta á disposición da autoridade xudicial e do procedemento por medio do cal pode impugnarse a legalidade da súa detención.

Cando non se dispoña dunha declaración de dereitos nunha lingua que comprenda o detido, será informado dos seus dereitos por medio dun intérprete tan axiña como resulte posible. Neste caso, deberáselle entregar, posteriormente e sen demora indebida, a declaración escrita de dereitos nunha lingua que comprenda.

En todos os casos se permitirá ao detido conservar no seu poder a declaración escrita de dereitos durante todo o tempo da detención.

2 bis. A información a que se refire o número anterior facilitarase nunha linguaxe comprensible e que resulte accesible ao destinatario. Para estes efectos, adaptarase a información á súa idade, grao de madurez, discapacidade e calquera outra circunstancia persoal de que poida derivar unha limitación da capacidade para entender o alcance da información que se lle facilita.

3. Se o detido for estranxeiro, comunicarase ao cónsul do seu país o feito da súa detención e o lugar de custodia e permitiráselle a comunicación coa autoridade consular. En caso de que o detido teña dúas ou máis nacionalidades, poderá elixir a que autoridades consulares se debe informar de que se encontra privado de liberdade e con quen desexa comunicarse.

4. Se se tratar dun menor, será posto á disposición das seccións de menores da Fiscalía e comunicarase o feito e o lugar de custodia a aqueles que exerzan a patria potestade, a tutela ou a garda de feito deste, tan axiña como se teña constancia da minoría de idade.

En caso de conflito de intereses con aqueles que exerzan a patria potestade, a tutela ou a garda de feito do menor, nomearáselle un defensor xudicial, a quen se porá en coñecemento do feito e do lugar de detención.

Se o detido tiver a súa capacidade modificada xudicialmente, a información prevista no número 2 deste artigo comunicarase a aqueles que exerzan a súa tutela ou garda de feito e darase conta ao Ministerio Fiscal.

Se o detido menor ou con capacidade modificada xudicialmente for estranxeiro, o feito da detención notificarase de oficio ao cónsul do seu país.

5. O detido designará libremente avogado e, se non o fai, será asistido por un avogado de oficio. Ningunha autoridade ou axente lle efectuará ningunha recomendación sobre que avogado designar máis aló de informalo do seu dereito.

A autoridade que teña baixo a súa custodia o detido comunicarlle inmediatamente ao colexio de avogados o nome do designado polo detido para asistilo, para os efectos da súa localización e transmisión do encargo profesional ou, se for o caso, comunicarlle a petición de nomeamento de avogado de oficio.

Se o detido non designar avogado, ou o elixido refusar o encargo ou non for achado, o colexio de avogados procederá de inmediato ao nomeamento dun avogado da quenda de oficio.

O avogado designado acudirá ao centro de detención coa máxima urxencia, sempre dentro do prazo máximo de tres horas desde a recepción do encargo. Se no dito prazo non comparece, o colexio de avogados designará un novo avogado da quenda de oficio, que deberá comparecer coa maior brevidade e sempre dentro do prazo indicado, sen prexuízo da exixencia da responsabilidade disciplinaria en que puidese ter incorrido o incomparecente.

6. A asistencia do avogado consistirá en:

a) Solicitar, se for o caso, que se informe o detido ou preso dos dereitos establecidos no número 2 e que se proceda, se for necesario, ao recoñecemento médico sinalado na súa letra i).

b) Intervir nas dilixencias de declaración do detido, nas dilixencias de recoñecemento de que sexa obxecto e nas de reconstrución dos feitos en que participe o detido. O avogado poderá solicitar ao xuíz ou funcionario que practicasen a dilixencia en que interviñese, unha vez rematada esta, a declaración ou ampliación dos aspectos que considere convenientes, así como a consignación na acta de calquera incidencia que tivese lugar durante a súa práctica.

c) Informar o detido das consecuencias da prestación ou denegación de consentimento á práctica de dilixencias que se lle soliciten.

Se o detido se opón á recollida das mostras mediante frotis bucal, conforme as previsións da Lei orgánica 10/2007, do 8 de outubro, reguladora da base de datos policial sobre identificadores obtidos a partir do ADN, o xuíz de instrución, por instancia da Policía Xudicial ou do Ministerio Fiscal, poderá impor a execución forzosa de tal dilixencia mediante o recurso ás medidas coactivas mínimas indispensables, que deberán ser proporcionadas ás circunstancias do caso e respectuosas coa súa dignidade.

d) Entrevistarse reservadamente co detido, mesmo antes de que lle reciba declaración a policía, o fiscal ou a autoridade xudicial, sen prexuízo do disposto no artigo 527.

7. As comunicacións entre o investigado ou encausado e o seu avogado terán carácter confidencial nos mesmos termos e coas mesmas excepcións previstas no número 4 do artigo 118.

8. Non obstante, o detido ou preso poderá renunciar á preceptiva asistencia de avogado se a súa detención o for por feitos susceptibles de seren tipificados exclusivamente como delitos contra a seguridade do tráfico, sempre que se lle facilitase información clara e suficiente nunha linguaxe sinxela e comprensible sobre o contido do dito dereito e as consecuencias da renuncia. O detido poderá revogar a súa renuncia en calquera momento.»

Cinco. Introdúcese un novo artigo 520 ter coa seguinte redacción:

«Artigo 520 ter.

Aos detidos en espazos mariños pola presunta comisión dos delitos recollidos no artigo 23.4.d) da Lei orgánica 6/1985, do 1 de xullo, do poder xudicial, seranlles aplicados os dereitos recoñecidos no presente capítulo na medida en que resulten compatibles cos medios persoais e materiais existentes a bordo do buque ou aeronave que practique a detención, e deberán ser postos en liberdade ou á disposición da autoridade xudicial competente tan axiña como como sexa posible, sen que poida exceder o prazo máximo de setenta e dúas horas. A posta á disposición xudicial poderase realizar polos medios telemáticos de que dispoña o buque ou a aeronave, cando por razón da distancia ou da súa situación de illamento non sexa posible levar os detidos á presenza física da autoridade xudicial dentro do indicado prazo.»

Seis. Modifícase o artigo 527, que terá a seguinte redacción:

«1. Nos supostos do artigo 509, o detido ou preso poderá ser privado dos seguintes dereitos se así o xustifican as circunstancias do caso:

- a) Designar un avogado da súa confianza.
- b) Comunicarse con todas ou algunha das persoas con que teña dereito a facelo, salvo coa autoridade xudicial, o Ministerio Fiscal e o médico forense.
- c) Entrevistarse reservadamente co seu avogado.
- d) Acceder el ou o seu avogado ás actuacións, salvo aos elementos esenciais para poder impugnar a legalidade da detención.

2. A incomunicación ou restrición doutro dereito do número anterior será acordada mediante auto. Cando a restrición de dereitos sexa solicitada pola Policía

Xudicial ou polo Ministerio Fiscal, entenderanse acordadas as medidas previstas polo número 1 que fosen instadas por un prazo máximo de vinte e catro horas, dentro do cal o xuíz se deberá pronunciar sobre a solicitude, así como sobre a pertinencia de acordar o segredo das actuacións. A incomunicación e a aplicación ao detido ou preso dalgunha das excepcións referidas no número anterior será acordada mediante auto e deberánse motivar as razóns que xustifican a adopción de cada unha das excepcións ao réxime xeral, de conformidade co disposto no artigo 509.

O xuíz controlará efectivamente as condicións en que se desenvolva a incomunicación. Para este efecto, poderá requirir información co fin de constatar o estado do detido ou preso e o respecto aos seus dereitos.

3. Os recoñecementos médicos ao detido a quen se lle restrinja o dereito a comunicarse con todas ou algunha das persoas cas cales teña dereito a facelo realizaranse cunha frecuencia de, ao menos, dous recoñecementos cada vinte e catro horas, segundo criterio facultativo.»

Sete. Modifícase a rúbrica do título VIII do libro II, que queda redactada do seguinte modo:

«TÍTULO VIII

Das medidas de investigación limitativas dos dereitos recoñecidos no artigo 18 da Constitución»

Oito. Os artigos 545 a 572 agrúpanse nun novo capítulo I do título VIII do libro II, cuxa rúbrica é a seguinte:

«CAPÍTULO I

Da entrada e rexistro en lugar cerrado»

Nove. Os artigos 573 a 578 agrúpanse nun novo capítulo II do título VIII do libro II, cuxa rúbrica é a seguinte:

«CAPÍTULO II

Do rexistro de libros e papeis»

Dez. Os artigos 579 a 588 agrúpanse nun novo capítulo III do título VIII do libro II, coa rúbrica seguinte:

«CAPÍTULO III

Da detención e apertura da correspondencia escrita e telegráfica»

Once. Modifícase o artigo 579, que queda redactado do seguinte modo:

«Artigo 579. *Da correspondencia escrita ou telegráfica.*

1. O xuíz poderá acordar a detención da correspondencia privada, postal e telegráfica, incluídos faxes, burofaxes e xiros, que o investigado remita ou reciba, así como a súa apertura ou exame, se hai indicios de obter por estes medios o descubrimento ou a comprobación dalgún feito ou circunstancia relevante para a causa, sempre que a investigación teña por obxecto algún dos seguintes delitos:

- 1.º Delitos dolosos castigados con pena con límite máximo de, ao menos, tres anos de prisión.
- 2.º Delitos cometidos no seo dun grupo ou organización criminal.
- 3.º Delitos de terrorismo.

2. O xuíz poderá acordar, en resolución motivada, por un prazo de até tres meses, prorrogable por iguais ou inferiores períodos até un máximo de dezaioito meses, a observación das comunicacións postais e telegráficas do investigado, así como das comunicacións de que se sirva para a realización dos seus fins delituosos.

3. En caso de urxencia, cando as investigacións se realicen para a pescuda de delitos relacionados coa actuación de bandas armadas ou elementos terroristas e existan razóns fundadas que fagan imprescindible a medida prevista nos números anteriores deste artigo, poderá ordenala o ministro do Interior ou, na súa falta, o secretario de Estado de Seguridade. Esta medida comunicárase inmediatamente ao xuíz competente e, en todo caso, dentro do prazo máximo de vinte e catro horas, e faranse constar as razóns que xustificaron a adopción da medida, a actuación realizada, a forma en que se efectuou e o seu resultado. O xuíz competente, tamén de forma motivada, revogará ou confirmará tal actuación nun prazo máximo de setenta e dúas horas desde que foi ordenada a medida.

4. Non se requirirá autorización xudicial nos seguintes casos:

a) Envíos postais que, polas súas propias características externas, non sexan usualmente utilizados para conter correspondencia individual senón para servir ao transporte e tráfico de mercadorías ou en cuxo exterior se faga constar o seu contido.

b) Aqueloutras formas de envío da correspondencia baixo o formato legal de comunicación aberta, nas cales resulte obrigatoria unha declaración externa de contido ou que incorporen a indicación expresa de que se autoriza a súa inspección.

c) Cando a inspección se leve a cabo de acordo coa normativa alfandegueira ou proceda conforme as normas postais que regulan unha determinada clase de envío.

5. A solicitude e as actuacións posteriores relativas á medida solicitada substanciaranse nunha peza separada e secreta, sen necesidade de que se acorde expresamente o segredo da causa.»

Doce. Créase un novo artigo 579 bis, que queda redactado do seguinte modo:

«Artigo 579 bis. *Utilización da información obtida nun procedemento distinto e descubrimentos casuais.*

1. O resultado da detención e apertura da correspondencia escrita e telegráfica poderá ser utilizado como medio de investigación ou proba noutro proceso penal.

2. Para tal efecto, procederase á dedución de testemuño dos particulares necesarios para acreditar a lexitimidade da inxerencia. Inclúranse entre os antecedentes indispensables, en todo caso, a solicitude inicial para a adopción, a resolución xudicial que a acorda e todas as peticións e resolucións xudiciais de prórroga ditadas no procedemento de orixe.

3. A continuación desta medida para a investigación do delito casualmente descuberto require autorización do xuíz competente, para a cal este comprobará a dilixencia da actuación e avaliará o marco en que se produciu o achado casual e a imposibilidade de ter solicitado a medida que o incluíse no seu momento. Así mesmo, informarase se as dilixencias continúan declaradas secretas, para os efectos de que tal declaración sexa respectada no outro proceso penal, e comunicárase o momento en que o dito segredo se alce.»

Trece. Créase no título VIII do libro II un novo capítulo IV, coa seguinte rúbrica e contido:

«CAPÍTULO IV

Disposicións comúns á interceptación das comunicacións telefónicas e telemáticas, á captación e gravación de comunicacións orais mediante a utilización de dispositivos electrónicos, á utilización de dispositivos técnicos de seguimento, localización e captación da imaxe, ao rexistro de dispositivos de almacenamento masivo de información e aos rexistros remotos sobre equipamentos informáticos

Artigo 588 bis a. *Principios reitores.*

1. Durante a instrución das causas poderase acordar algunha das medidas de investigación reguladas no presente capítulo sempre que medie autorización xudicial ditada con plena suxeición aos principios de especialidade, idoneidade, excepcionalidade, necesidade e proporcionalidade da medida.

2. O principio de especialidade exige que unha medida estea relacionada coa investigación dun delito concreto. Non se poderán autorizar medidas de investigación tecnolóxica que teñan por obxecto previr ou descubrir delitos ou despexar sospeitas sen base obxectiva.

3. O principio de idoneidade servirá para definir o ámbito obxectivo e subxectivo e a duración da medida en virtude da súa utilidade.

4. En aplicación dos principios de excepcionalidade e necesidade só se poderá acordar a medida:

a) Cando non estean á disposición da investigación, en atención ás súas características, outras medidas menos gravosas para os dereitos fundamentais do investigado ou encausado e igualmente útiles para o esclarecemento do feito, ou

b) Cando o descubrimento ou a comprobación do feito investigado, a determinación do seu autor ou autores, a pescuda do seu paradoiro ou a localización dos efectos do delito se vexa gravemente dificultada sen o recurso a esta medida.

5. As medidas de investigación reguladas neste capítulo só se reputarán proporcionadas cando, tomadas en consideración todas as circunstancias do caso, o sacrificio dos dereitos e intereses afectados non sexa superior ao beneficio que resulte da súa adopción para o interese público e de terceiros. Para a ponderación dos intereses en conflito, a valoración do interese público basearase na gravidade do feito, na súa transcendencia social ou no ámbito tecnolóxico de produción, na intensidade dos indicios existentes e na relevancia do resultado perseguido coa restrición do dereito.

Artigo 588 bis b. *Solicitud de autorización xudicial.*

1. O xuíz poderá acordar as medidas reguladas neste capítulo de oficio ou por instancia do Ministerio Fiscal ou da Policía Xudicial.

2. Cando o Ministerio Fiscal ou a Policía Xudicial soliciten do xuíz de instrución unha medida de investigación tecnolóxica, a petición deberá conter:

1.º A descrición do feito obxecto de investigación e a identidade do investigado ou de calquera outro afectado pola medida, sempre que tales datos resulten coñecidos.

2.º A exposición detallada das razóns que xustifiquen a necesidade da medida de acordo cos principios reitores establecidos no artigo 588 bis a, así como os indicios de criminalidade que se puxesen de manifesto durante a investigación previa á solicitud de autorización do acto de inxerencia.

3.º Os datos de identificación do investigado ou encausado e, se for o caso, dos medios de comunicación empregados que permitan a execución da medida.

4.º A extensión da medida con especificación do seu contido.

5.º A unidade investigadora da Policía Xudicial que se fará cargo da intervención.

- 6.º A forma de execución da medida.
- 7.º A duración da medida que se solicita.
- 8.º O suxeito obrigado que levará a cabo a medida, en caso de coñecerse.

Artigo 588 bis c. *Resolución xudicial.*

1. O xuíz de instrución autorizará ou denegará a medida solicitada mediante auto motivado, oído o Ministerio Fiscal. Esta resolución ditarase no prazo máximo de vinte e catro horas desde que se presente a solicitude.

2. Sempre que resulte necesario para resolver sobre o cumprimento dalgún dos requisitos expresados nos artigos anteriores, o xuíz poderá requirir, con interrupción do prazo a que se refire o número anterior, unha ampliación ou aclaración dos termos da solicitude.

3. A resolución xudicial que autorice a medida concretará, ao menos, os seguintes aspectos:

- a) O feito punible obxecto de investigación e a súa cualificación xurídica, con expresión dos indicios racionais en que funde a medida.
- b) A identidade dos investigados e de calquera outro afectado pola medida, de ser coñecido.
- c) A extensión da medida de inxerencia, especificando o seu alcance, así como a motivación relativa ao cumprimento dos principios reitores establecidos no artigo 588 bis a.
- d) A unidade investigadora de Policía Xudicial que se fará cargo da intervención.
- e) A duración da medida.
- f) A forma e a periodicidade con que o solicitante informará o xuíz sobre os resultados da medida.
- g) A finalidade perseguida coa medida.
- h) O suxeito obrigado que levará a cabo a medida, en caso de coñecerse, con expresa mención do deber de colaboración e de gardar segredo, cando proceda, baixo apercibimento de incorrer nun delito de desobediencia.

Artigo 588 bis d. *Segredo.*

A solicitude e as actuacións posteriores relativas á medida solicitada substanciaranse nunha peza separada e secreta, sen necesidade de que se acorde expresamente o segredo da causa.

Artigo 588 bis e. *Duración.*

1. As medidas reguladas no presente capítulo terán a duración que se especifique para cada unha delas e non poderán exceder o tempo imprescindible para o esclarecemento dos feitos.

2. A medida poderá ser prorrogada, mediante auto motivado, polo xuíz competente, de oficio ou logo de petición razoada do solicitante, sempre que subsistan as causas que a motivaron.

3. Unha vez transcorrido o prazo polo que resultou concedida a medida sen terse acordado a súa prórroga ou, se for o caso, finalizada esta, cesará para todos os efectos.

Artigo 588 bis f. *Solicitude de prórroga.*

1. A solicitude de prórroga será dirixida polo Ministerio Fiscal ou pola Policía Xudicial ao xuíz competente coa antelación suficiente á finalización do prazo concedido. Deberá incluír, en todo caso:

- a) Un informe detallado do resultado da medida.
- b) As razóns que xustifiquen a súa continuación.

2. No prazo dos dous días seguintes ao da presentación da solicitude, o xuíz resolverá sobre a fin da medida ou a súa prórroga mediante auto motivado. Antes de ditar a resolución poderá solicitar aclaracións ou maior información.

3. Unha vez concedida a prórroga, o seu cómputo iniciárase desde a data de finalización do prazo da medida acordada.

Artigo 588 bis g. *Control da medida.*

A Policía Xudicial informará o xuíz de instrución do desenvolvemento e dos resultados da medida, na forma e coa periodicidade que este determine e, en todo caso, cando por calquera causa se poña fin a esta.

Artigo 588 bis h. *Afectación de terceiras persoas.*

Poderanse acordar as medidas de investigación reguladas nos seguintes capítulos, mesmo cando afecten terceiras persoas, nos casos e coas condicións que se regulan nas disposicións específicas de cada unha delas.

Artigo 588 bis i. *Utilización da información obtida nun procedemento distinto e descubrimentos casuais.*

O uso das informacións obtidas nun procedemento distinto e os descubrimentos casuais regularanse conforme o disposto no artigo 579 bis.

Artigo 588 bis j. *Cesamento da medida.*

O xuíz acordará o cesamento da medida cando desaparezan as circunstancias que xustificaron a súa adopción ou resulte evidente que a través dela non se están obtendo os resultados pretendidos e, en todo caso, cando transcorrese o prazo para o cal fose autorizada.

Artigo 588 bis k. *Destrución de rexistros.*

1. Unha vez que se poña fin ao procedemento mediante resolución firme, ordenárase o borrado e a eliminación dos rexistros orixinais que poidan constar nos sistemas electrónicos e informáticos utilizados na execución da medida. Conservárase unha copia baixo custodia do secretario xudicial.

2. Acordárase a destrución das copias conservadas cando transcorresen cinco anos desde que a pena se executase ou cando o delito ou a pena prescribisen ou se decretase o sobreseimento libre ou se ditase sentenza absoluta firme respecto do investigado, sempre que non sexa precisa a súa conservación a xuízo do tribunal.

3. Os tribunais ditarán as ordes oportunas á Policía Xudicial para que leve a efecto a destrución recollida nos números anteriores.»

Catorce. Créase no título VIII do libro II un novo capítulo V, coa seguinte rúbrica e contido:

«CAPÍTULO V

A interceptación das comunicacións telefónicas e telemáticas

Sección 1.^a Disposicións xerais

Artigo 588 ter a. *Presupostos.*

A autorización para a interceptación das comunicacións telefónicas e telemáticas só poderá ser concedida cando a investigación teña por obxecto algún dos delitos a que se refire o artigo 579.1 desta lei ou delitos cometidos a través de instrumentos informáticos ou de calquera outra tecnoloxía da información ou da comunicación ou servizo de comunicación.

Artigo 588 ter b. *Ámbito.*

1. Os terminais ou medios de comunicación obxecto de intervención deben ser aqueles habitual ou ocasionalmente utilizados polo investigado.

2. A intervención xudicialmente acordada poderá autorizar o acceso ao contido das comunicacións e aos datos electrónicos de tráfico ou asociados ao proceso de comunicación, así como aos que se produzan con independencia do establecemento ou non dunha concreta comunicación, nos cales participe o suxeito investigado, xa sexa como emisor ou como receptor, e poderá afectar os terminais ou os medios de comunicación de que o investigado sexa titular ou usuario.

Tamén se poderán intervir os terminais ou medios de comunicación da vítima cando sexa previsible un risco grave para a súa vida ou integridade.

Para os efectos previstos neste artigo, entenderase por datos electrónicos de tráfico ou asociados todos aqueles que se xeran como consecuencia da condución da comunicación a través dunha rede de comunicacións electrónicas, da súa posta á disposición do usuario, así como da prestación dun servizo da sociedade da información ou comunicación telemática de natureza análoga.

Artigo 588 ter c. *Afectación a terceiro.*

Poderase acordar a intervención xudicial das comunicacións emitidas desde terminais ou medios de comunicación telemática pertencentes a unha terceira persoa sempre que:

1.º Exista constancia de que o suxeito investigado se serve daquela para transmitir ou recibir información, ou

2.º O titular colabore coa persoa investigada nos seus fins ilícitos ou se beneficie da súa actividade.

Tamén se poderá autorizar a dita intervención cando o dispositivo obxecto de investigación sexa utilizado maliciosamente por terceiros por vía telemática, sen coñecemento do seu titular.

Artigo 588 ter d. *Solicitud de autorización xudicial.*

1. A solicitude de autorización xudicial deberá conter, ademais dos requisitos mencionados no artigo 588 bis b, os seguintes:

- a) A identificación do número de abonado, do terminal ou da etiqueta técnica,
- b) A identificación da conexión obxecto da intervención ou
- c) Os datos necesarios para identificar o medio de telecomunicación de que se trate.

2. Para determinar a extensión da medida, a solicitude de autorización xudicial poderá ter por obxecto algún dos seguintes aspectos:

- a) O rexistro e a gravación do contido da comunicación, con indicación da forma ou do tipo de comunicacións a que afecta.
- b) O coñecemento da súa orixe ou destino, no momento en que a comunicación se realiza.
- c) A localización xeográfica da orixe ou destino da comunicación.
- d) O coñecemento doutros datos de tráfico asociados ou non asociados pero de valor engadido á comunicación. Neste caso, a solicitude especificará os datos concretos que deben ser obtidos.

3. En caso de urxencia, cando as investigacións se realicen para a pescuda de delitos relacionados coa actuación de bandas armadas ou elementos terroristas e existan razóns fundadas que fagan imprescindible a medida prevista nos números anteriores deste artigo, poderá ordenala o ministro do Interior ou, na súa falta, o

secretario de Estado de Seguridade. Esta medida comunicárase inmediatamente ao xuíz competente e, en todo caso, dentro do prazo máximo de vinte e catro horas e faranse constar as razóns que xustificaron a adopción da medida, a actuación realizada, a forma en que se efectuou e o seu resultado. O xuíz competente, tamén de forma motivada, revogará ou confirmará tal actuación nun prazo máximo de setenta e dúas horas desde que foi ordenada a medida.

Artigo 588 ter e. *Deber de colaboración.*

1. Todos os prestadores de servizos de telecomunicacións, de acceso a unha rede de telecomunicacións ou de servizos da sociedade da información, así como toda persoa que de calquera modo contribúa a facilitar as comunicacións a través do teléfono ou de calquera outro medio ou sistema de comunicación telemática, lóxica ou virtual, están obrigados a prestar ao xuíz, ao Ministerio Fiscal e aos axentes da Policía Xudicial designados para a práctica da medida a asistencia e colaboración precisas para facilitar o cumprimento dos autos de intervención das telecomunicacións.

2. Os suxeitos requiridos para prestar colaboración terán a obrigação de gardar segredo acerca das actividades requiridas polas autoridades.

3. Os suxeitos obrigados que incumpriren os anteriores deberes poderán incurrir en delito de desobediencia.

Artigo 588 ter f. *Control da medida.*

En cumprimento do disposto no artigo 588 bis g, a Policía Xudicial porá á disposición do xuíz, coa periodicidade que este determine e en soportes dixitais distintos, a transcripción das pasaxes que considere de interese e as gravacións íntegras realizadas. Indicaranse a orixe e o destino de cada unha delas e asegurárase, mediante un sistema de selaxe ou sinatura electrónica avanzada ou sistema de adveración suficientemente fiable, a autenticidade e integridade da información envorcada desde o ordenador central aos soportes dixitais en que as comunicacións fosen gravadas.

Artigo 588 ter g. *Duración.*

A duración máxima inicial da intervención, que se computará desde a data de autorización xudicial, será de tres meses, prorrogables por períodos sucesivos de igual duración até o prazo máximo de dezaioito meses.

Artigo 588 ter h. *Solicitud de prórroga.*

Para a fundamentación da solicitude da prórroga, a Policía Xudicial achegará, se for o caso, a transcripción daquelas pasaxes das conversas das cales se deduzan informacións relevantes para decidir sobre o mantemento da medida.

Antes de ditar a resolución, o xuíz poderá solicitar aclaracións ou maior información, incluído o contido íntegro das conversas intervidas.

Artigo 588 ter i. *Acceso das partes ás gravacións.*

1. Unha vez levantado o segredo e expirada a vixencia da medida de intervención, entregarase ás partes copia das gravacións e das transcripcións realizadas. Se na gravación hai datos referidos a aspectos da vida íntima das persoas, só se entregará a gravación e transcripción daquelas partes que non se refiran a eles. A non inclusión da totalidade da gravación na transcripción entregada farase constar de modo expreso.

2. Unha vez examinadas as gravacións e no prazo fixado polo xuíz, en atención ao volume da información contida nos soportes, calquera das partes poderá solicitar a inclusión nas copias daquelas comunicacións que entenda relevantes e que fosen

excluídas. O xuíz de instrución, unha vez que oíu ou examinou esas comunicacións, decidirá sobre a súa exclusión ou incorporación á causa.

3. O xuíz de instrución notificaralles ás persoas intervenientes nas comunicacións interceptadas o feito da práctica da inxerencia e serán informadas das concretas comunicacións en que participaron que resulten afectadas, salvo que sexa imposible, exixa un esforzo desproporcionado ou poidan prexudicar futuras investigacións. Se a persoa notificada o solicita, entregaráselle copia da gravación ou transcripción de tales comunicacións, na medida en que isto non afecte o dereito á intimidade doutras persoas ou resulte contrario aos fins do proceso en cuxo marco se adoptou a medida de inxerencia.

Sección 2.^a Incorporación ao proceso de datos electrónicos de tráfico ou asociados

Artigo 588 ter j. *Datos que figuran en arquivos automatizados dos prestadores de servizos.*

1. Os datos electrónicos conservados polos prestadores de servizos ou persoas que faciliten a comunicación en cumprimento da lexislación sobre retención de datos relativos ás comunicacións electrónicas ou por propia iniciativa por motivos comerciais ou doutra índole e que se encontren vinculados a procesos de comunicación, só poderán ser cedidos para a súa incorporación ao proceso con autorización xudicial.

2. Cando o coñecemento deses datos resulte indispensable para a investigación, requirirase do xuíz competente autorización para solicitar a información que conste nos arquivos automatizados dos prestadores de servizos, incluída a busca entrecruzada ou intelixente de datos, sempre que se precise a natureza dos datos que deban ser coñecidos e as razóns que xustifican a cesión.

Sección 3.^a Acceso aos datos necesarios para a identificación de usuarios, terminais e dispositivos de conectividade

Artigo 588 ter k. *Identificación mediante número IP.*

Cando no exercicio das funcións de prevención e descubrimento dos delitos cometidos na internet, os axentes da Policía Xudicial teñan acceso a un enderezo IP que estea sendo utilizado para a comisión algún delito e non conste a identificación e localización do equipamento ou do dispositivo de conectividade correspondente nin os datos de identificación persoal do usuario, solicitarán do xuíz de instrución que requira dos axentes suxeitos ao deber de colaboración, segundo o artigo 588 ter e, a cesión dos datos que permitan a identificación e localización do terminal ou do dispositivo de conectividade e a identificación do sospeitoso.

Artigo 588 ter l. *Identificación dos terminais mediante captación de códigos de identificación do aparello ou dos seus compoñentes.*

1. Sempre que no marco dunha investigación non fose posible obter un determinado número de abonado e este resulte indispensable para os fins da investigación, os axentes de Policía Xudicial poderanse valer de artificios técnicos que permitan acceder ao coñecemento dos códigos de identificación ou etiquetas técnicas do aparello de telecomunicación ou dalgún dos seus compoñentes, tales como a numeración IMSI ou IMEI e, en xeral, de calquera medio técnico que, de acordo co estado da tecnoloxía, sexa apto para identificar o equipamento de comunicación utilizado ou a tarxeta utilizada para acceder á rede de telecomunicacións.

2. Unha vez obtidos os códigos que permiten a identificación do aparello ou dalgún dos seus compoñentes, os axentes da Policía Xudicial poderán solicitar do xuíz competente a intervención das comunicacións nos termos establecidos no

artigo 588 ter d. A solicitude deberá pór en coñecemento do órgano xurisdiccional a utilización dos artificios a que se refire o número anterior.

O tribunal ditará resolución motivada en que concederá ou denegará a solicitude de intervención no prazo establecido no artigo 588 bis c.

Artigo 588 ter m. *Identificación de titulares ou terminais ou dispositivos de conectividade.*

Cando, no exercicio das súas funcións, o Ministerio Fiscal ou a Policía Xudicial necesiten coñecer a titularidade dun número de teléfono ou de calquera outro medio de comunicación ou, en sentido inverso, precisen o número de teléfono ou os datos identificativos de calquera medio de comunicación, poderanse dirixir directamente aos prestadores de servizos de telecomunicacións, de acceso a unha rede de telecomunicacións ou de servizos da sociedade da información, que estarán obrigados a cumprir o requirimento, baixo apercibimento de incorreren no delito de desobediencia.»

Quince. Incorporárase no título VIII do libro II un novo capítulo VI, coa seguinte rúbrica e contido:

«CAPÍTULO VI

Captación e gravación de comunicacións orais mediante a utilización de dispositivos electrónicos

Artigo 588 quáter a. *Gravación das comunicacións orais directas.*

1. Poderase autorizar a colocación e utilización de dispositivos electrónicos que permitan a captación e gravación das comunicacións orais directas que manteña o investigado, na vía pública ou noutro espazo aberto, no seu domicilio ou en calquera outro lugar cerrado.

Os dispositivos de escoita e gravación poderán ser colocados tanto no exterior como no interior do domicilio ou lugar cerrado.

2. No suposto en que sexa necesaria a entrada no domicilio ou nalgún dos espazos destinados ao exercicio da privacidade, a resolución habilitante deberá estender a súa motivación á procedencia do acceso aos ditos lugares.

3. A escoita e gravación das conversas privadas poderase complementar coa obtención de imaxes cando expresamente o autorice a resolución xudicial que a acorde.

Artigo 588 quáter b. *Presupostos.*

1. A utilización dos dispositivos a que se refire o artigo anterior debe estar vinculada a comunicacións que poidan ter lugar nun ou en varios encontros concretos do investigado con outras persoas e sobre cuxa previsibilidade haxa indicios postos de manifesto pola investigación.

2. Só se poderá autorizar cando concorran os requisitos seguintes:

a) Que os feitos que estean sendo investigados sexan constitutivos dalgún dos seguintes delitos:

1.º Delitos dolosos castigados con pena con límite máximo de, ao menos, tres anos de prisión.

2.º Delitos cometidos no seo dun grupo ou organización criminal.

3.º Delitos de terrorismo.

b) Que poida racionalmente preverse que a utilización dos dispositivos proporcionará datos esenciais e de relevancia probatoria para o esclarecemento dos feitos e a identificación do seu autor.

Artigo 588 quáter c. *Contido da resolución xudicial.*

A resolución xudicial que autorice a medida deberá conter, ademais das exixencias reguladas no artigo 588 bis c, unha mención concreta ao lugar ou dependencias, así como aos encontros do investigado que van ser sometidos a vixilancia.

Artigo 588 quáter d. *Control da medida.*

En cumprimento do disposto no artigo 588 bis g, a Policía Xudicial porá á disposición da autoridade xudicial o soporte orixinal ou a copia electrónica auténtica das gravacións e imaxes, que deberá ir acompañado dunha transcripción das conversas que considere de interese.

O informe identificará todos os axentes que participasen na execución e no seguimento da medida.

Artigo 588 quáter e. *Cesamento.*

Unha vez que cese a medida por algunha das causas previstas no artigo 588 bis j, a gravación de conversas que poidan ter lugar noutros encontros ou a captación de imaxes de tales momentos exixirán unha nova autorización xudicial.»

Dezaseis. Engádese no título VIII do libro II un novo capítulo VII, coa seguinte rúbrica e contido:

«CAPÍTULO VII

Utilización de dispositivos técnicos de captación da imaxe, de seguimento e de localización

Artigo 588 quinquies a. *Captación de imaxes en lugares ou espazos públicos.*

1. A Policía Xudicial poderá obter e gravar por calquera medio técnico imaxes da persoa investigada cando se encontre nun lugar ou espazo público, se isto é necesario para facilitar a súa identificación, para localizar os instrumentos ou efectos do delito ou obter datos relevantes para o esclarecemento dos feitos.

2. A medida poderá ser levada a cabo aínda cando afecte persoas diferentes do investigado, sempre que doutro modo se reduza de forma relevante a utilidade da vixilancia ou existan indicios fundados da relación das ditas persoas co investigado e cos feitos obxecto da investigación.

Artigo 588 quinquies b. *Utilización de dispositivos ou medios técnicos de seguimento e localización.*

1. Cando concorran acreditadas razóns de necesidade e a medida resulte proporcionada, o xuíz competente poderá autorizar a utilización de dispositivos ou medios técnicos de seguimento e localización.

2. A autorización deberá especificar o medio técnico que vai ser utilizado.

3. Os prestadores, axentes e persoas a que se refire o artigo 588 ter e están obrigados a prestar ao xuíz, ao Ministerio Fiscal e aos axentes da Policía Xudicial designados para a práctica da medida a asistencia e colaboración precisas para facilitar o cumprimento dos autos polos que se ordene o seguimento, baixo apercibimento de incorreren en delito de desobediencia.

4. Cando concorran razóns de urxencia que fagan razoablemente temer que, de non colocarse inmediatamente o dispositivo ou medio técnico de seguimento e localización, se frustrará a investigación, a Policía Xudicial poderá proceder á súa colocación, e coa maior brevidade posible e, en todo caso, no prazo máximo de vinte e catro horas, dará conta á autoridade xudicial, quen poderá ratificar a medida adoptada ou acordar o seu inmediato cesamento no mesmo prazo. Neste último

suposto, a información obtida a partir do dispositivo colocado carecerá de efectos no proceso.

Artigo 588 quinquies c. *Duración da medida.*

1. A medida de utilización de dispositivos técnicos de seguimento e localización prevista no artigo anterior terá unha duración máxima de tres meses a partir da data da súa autorización. Excepcionalmente, o xuíz poderá acordar prórrogas sucesivas polo mesmo ou inferior prazo até un máximo de dezaioito meses, se así está xustificando á vista dos resultados obtidos coa medida.

2. A Policía Xudicial entregará ao xuíz os soportes orixinais ou copias electrónicas auténticas que conteñan a información recollida cando este llo solicite e, en todo caso, cando finalicen as investigacións.

3. A información obtida a través dos dispositivos técnicos de seguimento e localización a que se refiren os artigos anteriores deberá ser debidamente custodiada para evitar a súa utilización indebida.»

Dezasete. Créase no título III do libro II un novo capítulo VIII, coa seguinte rúbrica e contido:

«CAPÍTULO VIII

Rexistro de dispositivos de almacenamento masivo de información

Artigo 588 sexies a. *Necesidade de motivación individualizada.*

1. Cando con ocasión da práctica dun rexistro domiciliario sexa previsible a aprehensión de ordenadores, instrumentos de comunicación telefónica ou telemática ou dispositivos de almacenamento masivo de información dixital ou o acceso a repositorios telemáticos de datos, a resolución do xuíz de instrución deberá estender o seu razoamento á xustificación, se for o caso, das razóns que lexitiman o acceso dos axentes facultados á información contida en tales dispositivos.

2. A simple incautación de calquera dos dispositivos a que se refire o número anterior, practicada durante o transcurso da dilixencia de rexistro domiciliario, non lexitima o acceso ao seu contido, sen prexuízo de que o dito acceso poida ser autorizado posteriormente polo xuíz competente.

Artigo 588 sexies b. *Acceso á información de dispositivos electrónicos incautados fóra do domicilio do investigado.*

A exigencia prevista no número 1 do artigo anterior será tamén aplicable a aqueles casos en que os ordenadores, instrumentos de comunicación ou dispositivos de almacenamento masivo de datos, ou o acceso a repositorios telemáticos de datos, sexan aprehendidos con independencia dun rexistro domiciliario. En tales casos, os axentes porán en coñecemento do xuíz a incautación de tales efectos. Se este considera indispensable o acceso á información albergada no seu contido, outorgará a correspondente autorización.

Artigo 588 sexies c. *Autorización xudicial.*

1. A resolución do xuíz de instrución mediante a cal se autorice o acceso á información contida nos dispositivos a que se refire a presente sección fixará os termos e o alcance do rexistro e poderá autorizar a realización de copias dos datos informáticos. Fixará tamén as condicións necesarias para asegurar a integridade dos datos e as garantías da súa preservación para facer posible, se for o caso, a práctica dun ditame pericial.

2. Salvo que constitúan o obxecto ou instrumento do delito ou existan outras razóns que o xustifiquen, evitarase a incautación dos soportes físicos que conteñan

os datos ou arquivos informáticos, cando isto poida causar un prexuízo grave ao seu titular ou propietario e sexa posible a obtención dunha copia deles en condicións que garantan a autenticidade e integridade dos datos.

3. Cando aqueles que leven a cabo o rexistro ou teñan acceso ao sistema de información ou a unha parte del conforme o disposto neste capítulo teñan razóns fundadas para considerar que os datos buscados están almacenados noutro sistema informático ou nunha parte del, poderán ampliar o rexistro, sempre que os datos sexan lícitamente accesibles por medio do sistema inicial ou estean dispoñibles para este. Esta ampliación do rexistro deberá ser autorizada polo xuíz, salvo que xa o fose na autorización inicial. En caso de urxencia, a Policía Xudicial ou o fiscal poderán levalo a cabo e informar o xuíz inmediatamente e, en todo caso, dentro do prazo máximo de vinte e catro horas, da actuación realizada, da forma en que se efectuou e do seu resultado. O xuíz competente, tamén de forma motivada, revogará ou confirmará tal actuación nun prazo máximo de setenta e dúas horas desde que foi ordenada a interceptación.

4. Nos casos de urxencia en que se aprecie un interese constitucional lexítimo que faga imprescindible a medida prevista nos números anteriores deste artigo, a Policía Xudicial poderá levar a cabo o exame directo dos datos contidos no dispositivo incautado e comunicarllo inmediatamente e, en todo caso, dentro do prazo máximo de vinte e catro horas, por escrito motivado ao xuíz competente, e fará constar as razóns que xustificaron a adopción da medida, a actuación realizada, a forma en que se efectuou e o seu resultado. O xuíz competente, tamén de forma motivada, revogará ou confirmará tal actuación nun prazo máximo de 72 horas desde que foi ordenada a medida.

5. As autoridades e axentes encargados da investigación poderán ordenar a calquera persoa que coñeza o funcionamento do sistema informático ou as medidas aplicadas para protexer os datos informáticos contidos nel que facilite a información que resulte necesaria, sempre que disto non derive unha carga desproporcionada para o afectado, baixo apercibimento de incorrer en delito de desobediencia.

Esta disposición non será aplicable ao investigado ou encausado, ás persoas que están dispensadas da obriga de declarar por razón de parentesco e a aquelas que, de conformidade co artigo 416.2, non poden declarar en virtude do segredo profesional.»

Dezaioito. Incorporárase no título VIII do libro II un novo capítulo IX, coa seguinte rúbrica e contido:

«CAPÍTULO IX

Rexistros remotos sobre equipamentos informáticos

Artigo 588 septies a. *Presupostos.*

1. O xuíz competente poderá autorizar a utilización de datos de identificación e códigos, así como a instalación dun software, que permitan, de forma remota e telemática, o exame a distancia e sen coñecemento do seu titular ou usuario do contido dun ordenador, dispositivo electrónico, sistema informático, instrumento de almacenamento masivo de datos informáticos ou base de datos, sempre que persiga a investigación dalgún dos seguintes delitos:

- a) Delitos cometidos no seo de organizacións criminais.
- b) Delitos de terrorismo.
- c) Delitos cometidos contra menores ou persoas con capacidade modificada xudicialmente.
- d) Delitos contra a Constitución, de traizón e relativos á defensa nacional.
- e) Delitos cometidos a través de instrumentos informáticos ou de calquera outra tecnoloxía da información ou da telecomunicación ou servizo de comunicación.

2. A resolución xudicial que autorice o rexistro deberá especificar:

- a) Os ordenadores, dispositivos electrónicos, sistemas informáticos ou parte deles, medios informáticos de almacenamento de datos ou bases de datos, datos ou outros contidos dixitais obxecto da medida.
- b) O seu alcance, a forma en que se procederá ao acceso e apreensión dos datos ou arquivos informáticos relevantes para a causa e o software mediante o cal se executará o control da información.
- c) Os axentes autorizados para a execución da medida.
- d) A autorización, se for o caso, para a realización e conservación de copias dos datos informáticos.
- e) As medidas precisas para a preservación da integridade dos datos almacenados, así como para a inaccesibilidade ou supresión dos ditos datos do sistema informático a que se tivo acceso.

3. Cando os axentes que leven a cabo o rexistro remoto teñan razóns para crer que os datos buscados están almacenados noutro sistema informático ou nunha parte del, porán este feito en coñecemento do xuíz, quen poderá autorizar unha ampliación dos termos do rexistro.

Artigo 588 septies b. *Deber de colaboración.*

1. Os prestadores de servizos e as persoas sinaladas no artigo 588 ter e e mais os titulares ou responsables do sistema informático ou base de datos obxecto do rexistro están obrigados a facilitar aos axentes investigadores a colaboración precisa para a práctica da medida e o acceso ao sistema. Así mesmo, están obrigados a facilitar a asistencia necesaria para que os datos e información recollidos poidan ser obxecto de exame e visualización.

2. As autoridades e os axentes encargados da investigación poderán ordenar a calquera persoa que coñeza o funcionamento do sistema informático ou as medidas aplicadas para protexer os datos informáticos contidos nel que facilite a información que resulte necesaria para o bo fin da dilixencia.

Esta disposición non será aplicable ao investigado ou encausado, ás persoas que están dispensadas da obriga de declarar por razón de parentesco e a aquelas que, de conformidade co artigo 416.2, non poden declarar en virtude do segredo profesional.

3. Os suxeitos requiridos para prestar colaboración terán a obriga de gardar segredo acerca das actividades requiridas polas autoridades.

4. Os suxeitos mencionados nos números 1 e 2 deste artigo quedarán supeditados á responsabilidade regulada no número 3 do artigo 588 ter e.

Artigo 588 septies c. *Duración.*

A medida terá unha duración máxima dun mes, prorrogable por iguais períodos até un máximo de tres meses.»

Dezanove. Créase no título VIII do libro II un novo capítulo X, coa seguinte rúbrica e contido:

«CAPÍTULO X

Medidas de aseguramento

Artigo 588 octies. *Orde de conservación de datos.*

O Ministerio Fiscal ou a Policía Xudicial poderán requirir a calquera persoa física ou xurídica a conservación e protección de datos ou informacións concretas incluídas nun sistema informático de almacenamento que se encontren á súa

disposición até que se obteña a autorización xudicial correspondente para a súa cesión, conforme o disposto nos artigos precedentes.

Os datos conservaranse durante un período máximo de noventa días, prorrogable unha soa vez até que se autorice a cesión ou se cumpran cento oitenta días.

O requirido estará obrigado a prestar a súa colaboración e a gardar segredo do desenvolvemento desta dilixencia, e quedará suxeito á responsabilidade descrita no número 3 do artigo 588 ter e.»

Vinte. Modifícase o número 1 do artigo 967, que queda redactado do seguinte modo:

«1. Nas citacións que se efectúen ao denunciante, ao ofendido ou prexudicado e ao investigado para a celebración do xuízo, serán informados de que poden ser asistidos por avogado se o desexan e de que deberán acudir ao xuízo cos medios de proba de que intenten valerse. Á citación do investigado xuntárase copia da querela ou da denuncia que se presentase.

Sen prexuízo do disposto no parágrafo anterior, para o axuizamento de delitos leves que comporten pena de multa cuxo límite máximo sexa de, ao menos, seis meses, aplícaranse as regras xerais de defensa e representación.»

Vinte e un. *Substitución de termos.*

1. Nos artigos 120, 309 bis, 760, 771, 775, 779, 797 e 798, o substantivo «imputado» substitúese por «investigado», en singular ou plural segundo corresponda.

2. Nos artigos 325, 502, 503, 504, 505, 506, 507, 508, 511, 529, 530, 539, 544 ter, 764, 765, 766 e 773, o substantivo «imputado» substitúese por «investigado ou encausado», en singular ou plural segundo corresponda.

3. No artigo 141 a expresión «imputados ou procesados» substitúese por «investigados ou encausados».

4. Nos artigos 762, 780 e 784, o substantivo «imputado» substitúese por «encausado», en singular ou plural segundo corresponda.

5. Nos artigos 503 e 797 o adxectivo «imputada» substitúese por «investigada».

Disposición adicional primeira. *Previsión de custos.*

As medidas incluídas nesta norma non poderán supor incremento de dotacións de persoal, nin de retribucións nin doutros gastos de persoal.

Disposición adicional segunda. *Substitución de referencias.*

As disposicións contidas noutros textos legais que se refiran á intervención das comunicacións telefónicas ou telemáticas previstas no artigo 579 da Lei de axuizamento criminal teranse por referenciadas ao disposto no título VIII do libro II da dita lei.

Disposición transitoria única. *Lexislación aplicable.*

1. Esta lei aplícarase aos procedementos penais incoados con posterioridade á súa entrada en vigor.

2. A lei aplícarase tamén ás dilixencias policiais e fiscais, resolucións e actuacións xudiciais que se acorden tras a súa entrada en vigor en procedementos penais en tramitación.

Disposición derogatoria única. *Derrogación de normas.*

Quedan derogados os artigos 387 e 395 da Lei de axuizamento criminal, así como cantas disposicións se opoñan ao establecido nesta lei.

Disposición derradeira primeira. *Modificación da Lei orgánica 6/1985, do 1 de xullo, do poder xudicial.*

Modifícanse os artigos 57.1, 65, 73.3, 82.1, 87.1, 87 ter.1 e 89 bis.2 e 3 da Lei orgánica 6/1985, do 1 de xullo, do poder xudicial, que quedan redactados como segue:

Un. Engádesse un novo ordinal 5.º ao número 1 do artigo 57.

«5.º Dos procedementos de comiso autónomo polos delitos para cuxo coñecemento sexan competentes.»

Dous. Engádesse un novo ordinal 7.º ao artigo 65, que substitúe o actual, que pasa a ser o ordinal 8.º:

«7.º Dos procedementos de comiso autónomo polos delitos para cuxo coñecemento sexan competentes.

8.º De calquera outro asunto que lle atribúan as leis.»

Tres. Engádesse unha nova letra e) ao número 3 do artigo 73, coa seguinte redacción:

«e) Dos procedementos de comiso autónomo polos delitos para cuxo coñecemento sexan competentes.»

Catro. Modifícase o parágrafo segundo do ordinal 2.º e engádesse un novo ordinal 6.º ao número 1 do artigo 82, que quedan redactados como segue:

«2.º Dos recursos que estableza a lei contra as resolucións ditadas polos xulgados de instrución e do penal da provincia.

Para o coñecemento dos recursos contra resolucións dos xulgados de instrución en xuízos por delitos leves, a audiencia constituirase cun só maxistrado, mediante unha quenda de repartición.»

«6.º Dos procedementos de comiso autónomo polos delitos para cuxo coñecemento sexan competentes.»

Cinco. Modifícase a letra b) e engádesse unha nova letra h) ao número 1 do artigo 87, que quedan redactadas como segue:

«b) Correspóndelles, así mesmo, ditar sentenza de conformidade coa acusación nos casos establecidos pola lei e nos procesos por aceptación de decreto.»

«h) Dos procedementos de comiso autónomo polos delitos para cuxo coñecemento sexan competentes.»

Seis. Modifícase o número 2 do artigo 89 bis, que queda redactado como segue:

«2. Os xulgados do penal axuizarán as causas por delito que a lei determine.

Co fin de facilitar o coñecemento dos asuntos instruídos polos xulgados de violencia sobre a muller, e atendendo ao número de asuntos existentes, deberanse especializar un ou varios xulgados en cada provincia, de conformidade co previsto no artigo 98 da presente lei.

Corresponde, así mesmo, aos xulgados do penal a execución das sentenzas ditadas en causas por delito grave ou menos grave polos xulgados de instrución, o recoñecemento e a execución das resolucións que impoñan sancións pecuniarias transmitidas polas autoridades competentes doutros Estados membros da Unión Europea, cando estas se deban cumprir en territorio español, e os procedementos de comiso autónomo polos delitos para cuxo coñecemento sexan competentes.»

Sete. Modifícase o número 3 do artigo 89 bis, que queda redactado como segue:

«3. Na vila de Madrid, con xurisdición en toda España, haberá un ou varios xulgados centrais do penal que coñecerán, nos casos en que así o establezan as leis procesuais, das causas polos delitos a que se refire o artigo 65 e dos demais asuntos que sinalen as leis.

Corresponde, así mesmo, aos xulgados centrais do penal a execución das sentenzas ditadas en causas por delito grave ou menos grave polos xulgados centrais de instrución e os procedementos de comiso autónomo polos delitos para cuxo coñecemento sexan competentes.»

Disposición derradeira segunda. *Título competencial.*

Esta lei dítase ao abeiro da competencia que ao Estado atribúe en exclusiva o artigo 149.1.6.^a da Constitución española en materia de lexislación procesual.

A disposición derradeira primeira dítase ao abeiro das competencias exclusivas do artigo 149.1.5.^a da Constitución española en materia de administración de xustiza.

Disposición derradeira terceira. *Incorporación de dereito da Unión Europea.*

Mediante esta lei incorpórase ao dereito español a Directiva 2013/48/UE do Parlamento Europeo e do Consello, do 22 de outubro de 2013, sobre o dereito á asistencia de letrado nos procesos penais e nos procedementos relativos á orde de detención europea, e sobre o dereito a informar un terceiro no momento da privación de liberdade e a comunicarse con terceiros e con autoridades consulares durante a privación de liberdade.

Disposición derradeira cuarta. *Entrada en vigor.*

A presente lei entrará en vigor aos dous meses da súa publicación no «Boletín Oficial del Estado», con excepción dos números un, tres, catro, cinco e seis do artigo único, que o farán o 1 de novembro de 2015.

Por tanto,

Mando a todos os españois, particulares e autoridades, que cumpran e fagan cumprir esta lei orgánica.

Madrid, 5 de outubro de 2015.

FELIPE R.

O presidente do Goberno,
MARIANO RAJOY BREY